

Tedes nas vosas mans a programación desta temporada para público familiar, **pensada para maiores de 4 anos**, unha completa selección de espectáculos para iniciar as nenas e os nenos en mundos creativos, para internarse en imaxinativos territorios para a sensibilidade, a memoria emotiva, o adestramento afectivo e a descuberta da beleza e a arte.

O teatro ofrécelles ás crianzas unha oportunidade para medraren, para viviren unha experiencia que as involucra no seu desenvolvemento completo como persoas, a nivel físico, cognitivo, emotivo e de relacións. Mais tamén nos ofrece a nós, as persoas adultas, a posibilidade de volvermos facer uso de códigos que usamos e máis tarde esquecemos pero que están aí a agardaren unicamente a ser sacados de novo á luz.

Todos os espectáculos teñen pases para público de centros educativos en horario lectivo e un pase o sábado pola tarde para público familiar. Que mellor opción que gozarmos e compartirmos cos nosos fillos e coas nosas fillas un espectáculo que faga florecer o seu pensamento creativo!

VÉMONOS NO TEATRO!!

FUNCIONES

Xoves e venres ás 9.30 e 11.30h. para público escolar e os sábados ás 18.30h.

OUTONO 2018 TODO PÚBLICO Fórum Metropolitano

COUSAS QUE DEBES SABER ANTES DE VIR VERNOS

- O despacho de billetes abre unha hora antes do comezo de cada espectáculo e só se quedan entradas.
- Pídese puntualidade. Non se permitirá o acceso á sala unha vez comece a función.
- Non está permitido a entrada á sala con comida ou bebida (agás auga).
- Non está permitido sacar fotos nin gravar durante a función.

VENTA DE ENTRADAS E ABONOS

ENTRADAS VUELOS NO TEATRO ROSALÍA CASTRO

ENTRADA: 8,00 €

ABONO 3 (3 entradas para a mesma función): **19,98 €**

MENORES DE 3 ANOS: 2,00 €

DESPACHO CENTRAL DE BILLETES PRAZA DE OURENSE

De luns a venres, excepto festivos
de 9:30 a 13:00h. e de 16:30 a 19:30h.

TELEVENDA 902 044 226

Luns a venres de 9:00 a 22:00h.
Sábados de 14:00 a 22:00h.
Domingos de 16:00 a 21:00h.

MÁIS INFORMACIÓN

www.coruna.es/cultura



**CORUÑA
> PRÓXIMA**

RESTO DE ESPECTÁCULOS

ENTRADA: 6,00 €

ABONO 3: (3 entradas para a mesma función) **15,00 €**

MENORES DE 3 ANOS: 2,00 €

DESPACHO DE BILLETES FÓRUM / TEATRO ROSALÍA DE CASTRO

Aberto só os días de función desde unha hora
antes (só se quedan entradas dispoñibles).

WEB www.ticketea.com

Servizo permanente 24h.



Depósito Legal: C 1978-2017

OUTONO 2018

TODO PÚBLICO

Fórum Metropolitano

Artes escénicas para todas as idades




**Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña**

**CORUÑA
CULTURA**



TODO PÚBLICO
Fórum Metropolitano



+4 ANOS

+5 ANOS

+6 ANOS

+7 ANOS

+8 ANOS

 OUTUBRO / SÁBADO 6	 18.30h.	 50 min.	 +8 anos
 TEATRO ROSALÍA DE CASTRO			

VUELOS

ARACALADANZA
Madrid

O universo de Leonardo sóbese ao escenario nun espectáculo de danza contemporánea interpretado por cinco bailaríns no que os obxectos son esenciais. As máquinas de Leonardo, os seus deseños, os seus planos así como a súa pintura e escultura son o punto de partida e inspiración para un traballo escénico no que se explora o soño universal do ser humano: o voo. Leonardo da Vinci correu tras a utopía a través de múltiples saberes, deu ás á súa imaxinación sen freo e ideou enxeñosos artefactos para sucar o ceo na súa obsesión por desentrañar os mecanismos do voo, e desta forma emular aos paxaros.

DIRECCIÓN E COREOGRAFÍA: Enrique Cabrera.

BAILARÍNS: Carolina Arijia Gallardo, Jimena Trueba Toca, Jonatan de Luis Mazagatos, Jorge Brea Salgueiro, Raquel de la Plaza Húmera.



 OUTUBRO / SÁBADO 20	 18.30h.	 50 min.	 +5 anos
--	--	--	--

PUM PUM

BAOBAB TEATRO
Galicia

Marieta é unha nena coma calquera nena de 5 anos. Ela está rodeada de portas, portas que se abren e cantan historias. Historias que teñen música e cantan cando Marieta quere. Pero Marieta ten unha porta que garda un segredo, un segredo que nunca contou e ninguén escoitou. Por iso Marieta ás veces non fala e queda calada, por iso Marieta sempre se enfada, por iso dende hai tempo ten pesadelos e máis pesadelos.

Pum, Pum! é un espectáculo tenro que fala de historias cotiás que lles pasan ás crianzas destas idades. Pero tamén fala dunha mensaxe moi clara: dende moi pequenos/as, teñen que saber que ninguén pode obrigarlles a facer cousas que non queren.

AUTORA: Andrea Bayer.

DIRECCIÓN: Óscar Ferreira.

MÚSICA: Elena Paz e Xosé Liz (Golfinhos).

ELENCO ARTÍSTICO: Davide González e Andrea Bayer.



 NOVEMBRO / SÁBADO 10	 18.30h.	 60 min.	 +7 anos
---	--	--	--

PULGARCITO

TEATRO PARAISO
País Vasco

Quen busque o "Polegarciño" de Perrault atopará o que procura, como tamén o fará quen desexe atopar unha visión nova e estimulante. Divertido para as crianzas e conmovedor para as persoas adultas (aínda que talvez resulte o contrario), presentamos o conto a través da relación dun fillo co seu pai. E é por iso que este é un espectáculo especialmente ideado para gozar en familia.

Segundo se di, os contos inventáronse para durmir as crianzas e espertar os adultos, pero e se os pais e as nais fosen as crianzas e estas, as persoas adultas?

INTÉRPRETES: Tomás Fernández e Ramón Monje.

DIRECCIÓN: Iñaki Rikarte.



 DECEMBRO / SÁBADO 1	 18.30h.	 58 min.	 +6 anos
--	--	--	--

PETER PAN Y WENDY

PERRO AZUL TEATRO
La Rioja

Todos as crianzas medran, menos unha: Peter Pan.

A pícara Wendy deixa a súa casa e marcha, voando con Peter Pan e Campaíña, ao País de Nunca Xamais, unha illa máxica, cos nenos perdidos, as fadas e as sereas, para viviren fantásticas aventuras en compañía dos indios, pelexando cos piratas e o seu capitán Garfo...

Peter e Wendy é unha historia de amor, de soidade e, finalmente, unha fábula sobre o tempo. Todos eses temas fana inmortal, eterna, incapaz de envellecer, como o seu protagonista.

DIRECCIÓN E ADAPTACIÓN: Jorge Padín.

MÚSICA: Elena Aranoa e Nacho Ugarte.

INTÉRPRETES: Gemma Viguera e Fernado Moreno.



 DECEMBRO / SÁBADO 15	 18.30h.	 45 min.	 +4 anos
---	--	--	--

ROSA CAMELO

TALÍA TEATRO
Galicia

Illada nun xardín, Margarita é a única elefanta do grupo que non consegue que a súa pel sexa de cor rosa caramelo. Cando os seus pais desisten desa idea, descubrirá o significado da liberdade e abrirá o camiño da igualdade para as súas compañeiras.

O espectáculo está composto de catro historias, onde se lles dá a volta a roles e estereotipos de xénero.

Con palabra e a música en directo, créase unha atmosfera adecuada para desmontar unha serie de ideas impostas e simplificadas, pero fortemente asumidas, sobre actitudes e aptitudes das mulleres e dos homes.

AUTORA: Adela Turín.

DIRECTORA: Paula Carballeira.

MÚSICA: Fernando Fraga.

INTERPRETACIÓN: Artur Trillo e Fernando Fraga.

